



2026
Actividades
de VERÁN



Concello de  Oleiros

www.oleiros.org

Kaiak en Santa Cruz

Descrición:

Orientada fundamentalmente ao aspecto recreativo, a través das actividades en kaiak de mar. A súa distribución será en cursos intensivos de 5 sesións cada un (10 horas). En cada curso ofertaranse 14 prazas.

(Obrigatorio saber nadar)

Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre **2012 e 2015**.

Lugar de realización:

Esta actividade realizarase nas **instalacións náuticas da praia de Santa Cruz**, situadas debaixo da pasarela de acceso ao castelo. <https://goo.gl/maps/uCaGhyN8KqPpLaQS9>

Convén levar:

Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chanquetas ou escaupíns e toalla.

Temporalización:

Nos meses de xullo e agosto, de luns a venres, en horario de **11:30 a 13:30 horas**. Realizaranse un total de 7 quendas durante o verán nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz.

- **1ª quenda:** do 29 xuño ao 3 de xullo
- **2ª quenda:** do 6 ao 10 de xullo
- **3ª quenda:** do 13 ao 17 de xullo
- **4ª quenda:** do 27 ao 31 de xullo
- **5ª quenda:** do 3 ao 7 de agosto
- **6ª quenda:** do 17 ao 21 de agosto
- **7ª quenda:** do 24 ao 28 de agosto



Obxectivos:

- Aproveitar e gozar do tempo de lecer en contacto co medio natural.
- Aprender a realizar as manobras de control e seguridade na embarcación.
- Aproveitar os valores que transmite o deporte: desenvolvemento das capacidades físicas e motrices, disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade e a tolerancia.
- Coñecer as normas fundamentais de seguridade sobre a piragua e prevención de riscos.
- Coñecer a praia de Santa Cruz e a súa contorna costeira, procurar a súa conservación e respecto.



Surf en Bastiaqueiro

Descrición:

Cursos de iniciación ao surf de 10 horas cada un, de **luns a venres de 10:00 a 12:00 h.** O Concello achegará o material necesario (táboas e traxes). En cada curso ofertaranse 18 prazas. **(Obrigatorio saber nadar).**

Destinatarios/as:

Para mozos/as nados/as entre **2009 e 2013.**

Lugar de realización:

Na casa de Surf da praia de Bastiaqueiro, rúa Anguías.

<https://goo.gl/maps/qxFYF91PrP3ffxaWA>

Convén levar:

Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chanquetas e toalla.

Temporalización:

- **1ª quenda:** do 29 de xuño ao 3 de xullo
- **2ª quenda:** do 6 ao 10 de xullo
- **3ª quenda:** do 20 ao 24 de xullo
- **4ª quenda:** do 10 ao 14 de agosto



Obxectivos:

- Destacar na práctica diaria o factor lúdico. A diversión debe ser prioritaria para crear afección e gusto pola actividade deportiva.
- Experimentar un xeito de mellorar as capacidades condicionais de forza, resistencia, coordinación, equilibrio e flexibilidade.
- Dar as ferramentas elementais para que ao remate do curso o alumnado adquira as nocións básicas do surf, así como o seu material e manexo.
- Coñecer a praia de Bastiaqueiro (formación de olas, correntes...) normas de seguridade, riscos e precaucións.
- Educar na consecución de hábitos de conservación e respecto do medio ambiente.



Multideporte Oleiros

Transporte:

Realizarase un percorrido de autobús polo termo municipal de Oleiros para recoller os/as alumnos/as e deixalos posteriormente nas paradas agás no multideporte Encoro da Ferrenza (nas xornadas con chegada de tarde o bus non fará o percorrido, a recollida será no pavillón). É obrigatorio especificar na inscrición, da maneira máis precisa posible, o lugar da parada que se solicita, tanto de ida como de volta nunha marquesina. O transporte conta con servizo de acompañante.

A listaxe cos horarios e paradas de autobús será enviada ao correo electrónico facilitado na inscrición e tamén poderá ser consultada no Servizo Municipal de Deportes o xoves anterior ao comezo de cada campus.



Recomendacións:

Como norma xeral para as actividades deportivas é necesario vestir roupa deportiva e cómoda, tamén é recomendable traer crema solar e gorra.

A media mañá faremos un pequeno descanso para repoñer forzas polo que é aconsellable traer algo para comer (por exemplo unha peza de froita e auga).



Convén levar:

- Unha mochila pequena para gardar unha botella de auga e outras cousas, recomendamos mochila pequena de sendeirismo que non sexa de cordóns.
- Calzado pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades deportivas.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- **Gorriña** ou pucho para o sol.
- **Botella de auga** e peza de **froita**.
- **Crema protectora** para as/os nenas/os.
- Traxe de baño, camiseta de cambio ou lycra, chancletas e toalla nas sesións de **surf** e **piragua**.



Multideporte Oleiros para nados/as en 2018 e 2019

Do 29 de xuño ao 3 de xullo

- **Luns:** xogos deportivos
- **Martes:** parkour e probas de orientación
- **Mércores:** xogos de loita musicais e xincana deportiva na praia
- **Xoves:** escalada e deportes alternativos
- **Venres:** olimpíadas alternativas na praia

Descrición das actividades:

■ Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

■ Parkour

Actividade consistente en desprazarse dun punto a outro, superando os obstáculos existentes. Practicaremos os movementos básicos de desprazamentos e saltos buscando fluidez e orixinalidade.

■ Probas de orientación

Iniciación a orientación deportiva onde poderán manexarse co mapa. Faremos unha pequena carreira de orientación onde poderemos coñecer as balizas e pinzas propias deste deporte.



■ Xogos de loita musicais

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica das habilidades básicas de loita coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.

■ Xincana deportiva

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas participarán en circuitos de habilidades mediante probas por equipos.

■ Escalada deportiva

Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro.

■ Deportes alternativos

Diferentes actividades deportivas por equipos nas que se practicarán xogos pouco convencionais, fomentando a cooperación, a creatividade e o respecto entre as/os participantes. A través destas propostas búscase ofrecer unha alternativa divertida ao deporte tradicional, promovendo a participación activa e o traballo en grupo.

■ Olimpíadas alternativas

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas poderán competir entre grupos en deportes tradicionais coñecidos pero adaptados para as súas idades, moito máis motivadores.

Multideporte Oleiros para nacidos/as en 2016 e 2017

Do 6 ao 10 de xullo
Do 10 ao 14 de agosto

- **Luns:** xogos deportivos
- **Martes:** sendeirismo en Dexo
- **Mércores:** xogos de loita e xincana deportiva na praia
- **Xoves:** escalada e deportes alternativos
- **Venres:** olimpíadas alternativas na praia

Descrición das actividades:

■ Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

■ Ruta de sendeirismo en Dexo

Iniciación ao sendeirismo mediante unha ruta guiada polo entorno de Dexo, onde as/os participantes poderán coñecer o medio natural e aprender noções básicas de orientación e desprazamento. Realizarase un percorrido adaptado no que se fomentará a observación, o respecto pola natureza e o traballo en grupo.

■ Xogos de loita

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica das habilidades básicas de loita coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.



■ Xincana deportiva

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas participarán en circuitos de habilidades mediante probas por equipos.

■ Escalada deportiva

Dotaremos dos coñecementos básicos: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Terán a oportunidade de tocar e coñecer o material básico da escalada deportiva. A actividade será no rocódromo do propio pavillón de Bastiagueiro.

■ Deportes alternativos

Diferentes actividades deportivas por equipos nas que se practicarán xogos pouco convencionais, fomentando a cooperación, a creatividade e o respecto entre as/os participantes. A través destas propostas búscase ofrecer unha alternativa divertida ao deporte tradicional, promovendo a participación activa e o traballo en grupo.

■ Olimpíadas alternativas

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Os nenos e nenas poderán competir entre grupos en deportes tradicionais coñecidos pero adaptados para as súas idades, moito máis motivadores.



Multideporte Oleiros para nados/as en 2014 e 2015



Do 3 ao 7 de agosto
Do 24 ao 28 de agosto

- **Luns:** xogos deportivos
- **Martes:** paddle surf e xogos de loita
- **Mércores:** patinaxe, hóckey e xogos tradicionais
- **Xoves:** ruta de sendeirismo e ruta en piragua (chegada ás 18:00h ao pavillón sen paradas)
- **Venres:** surf e xogos deportivos na praia

Descrición das actividades:

■ Xogos deportivos

Propoñemos unha serie de actividades deportivas nas que se traballará a resistencia, a velocidade, os lanzamentos e recepcións, a forza, os saltos e a flexibilidade.

■ Paddle surf

Dotaremos dos coñecementos básicos do paddle surf: materiais a utilizar, características e normas de seguridade. Inicio a navegación básica, vento e correntes. A actividade será na praia de Santa Cristina.

■ Xogos de loita

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Iniciaremos as persoas participantes na práctica das habilidades básicas de loita coas técnicas básicas nun ambiente lúdico e de respecto aos compañeiros e compañeiras.

■ Patinaxe e hockey

Actividades deportivas nas que as/os participantes se iniciarán no manexo de patíns e no uso do stick, combinando exercicios básicos

de equilibrio, desprazamento e coordinación con xogos e pequenos partidos de hockey.

■ Xogos tradicionais

Conxunto de xogos tradicionais galegos nos que as/os participantes descubrirán e practicarán actividades propias da cultura popular, como a chave ou a rá. Estas propostas promoven a convivencia, o respecto polas tradicións e a participación activa mediante xogos sinxelos, divertidos e accesibles para todas e todos.

■ Sendeirismo e piragua no Mandeo

Faremos unha pequena ruta de sendeirismo nas proximidades do río Mandeo, pararemos a comer co que leven os mozos/as e a continuación montaremos nas piraguas ata o porto de Betanzos. Será necesario traer o seguinte material: camiseta ou lycra de cambio, traxe de baño, chancletas e toalla. **A chegada será aproximadamente ás 18:00 h no pavillón e non teremos servizo de reparto nas paradas.**

■ Surf

Iremos camiñando á praia de Bastiagueiro (en función da meteoroloxía). Facilitaremos todo o material necesario para o uso individual: táboas de surf, traxes e lycras, aínda que se ten material propio pode levalo. Será necesario traer o seguinte material: traxe de baño, chancletas e toalla.

■ Xogos deportivos na praia

Actividade a realizar na praia de Bastiagueiro. Iniciaremos ás persoas participantes na práctica de diferentes xogos deportivos adaptados ao entorno de praia, combinando actividades en equipo e dinámicas lúdicas na area. Promoverase a participación, o compañeirismo e a diversión nun contexto activo e ao aire libre.

Multideporte Encoro da Fervenza para nados/as en 2012 e 2013



Do 17 ao 21 de agosto

Con 4 noites de pernocta nas instalacións de Naturmaz, no concello de Mazaricos.

- **Luns:** saída ás 10:00h desde o CEIP Valle Inclán, viaxe ao albergue do encoro da Fervenza, Surf na praia de Area Maior
- **Martes:** roteiro BTT, xogos acuáticos na piscina e roteiro ecuestre
- **Mércores:** paddle surf e vela
- **Xoves:** ruta de sendeirismo no monte Pindo e ruta en kaiak no Ézaro
- **Venres:** Actividade sorpresa e regreso aproximado ás 18:00h ao CEIP Valle Inclán

En función da metereoloxía podería haber algún troco no programa de actividades.

Coa finalidade de ofrecer máis información sobre esta actividade realizaremos unha reunión informativa no auditorio da Fábrica. A data e hora da reunión será enviada ao correo electrónico facilitado na inscrición.

Descrición das actividades:

- **Surf:** Facilitaremos todo o material necesario para o uso individual: táboas de surf, traxes e lycras. Será necesario traer o seguinte material: traxe de baño, chancletas e toalla.
- **Roteiro de BTT:** Pequena ruta en bicicleta de montaña por camiños e pistas da contorna.
- **Xogos acuáticos:** Xogos acuáticos de diferentes tipos, por equipos, como o waterpolo, entre outros.
- **Roteiro ecuestre:** Iniciación á equitación mediante un paseo a caballo en contorna natural, no que se aprenderán noções básicas de manexo, coidado do animal e seguridade.
- **Paddle surf:** Dotaremos dos coñecementos básicos do paddle surf: materiais a utilizar, caracte-

ísticas e normas de seguridade. Inicio á navegación básica, tendo en conta vento e correntes.

- **Vela:** Actividade de iniciación á vela na que as/os participantes coñecerán o funcionamento básico dunha embarcación, aprendendo noções sinxelas de navegación e traballo en equipo na auga.
- **Ruta de sendeirismo:** Ruta de sendeirismo polo monte Pindo, descubrindo o entorno natural e fomentando o respecto polo medio ambiente a través dunha actividade guiada e adaptada ao grupo.
- **Ruta en kaiak:** Percorrido en kaiak polas augas do Ézaro, no que se traballará a coordinación e o manexo básico da embarcación.

Material recomendable:

- DNI da persoa participante
- **Recomendamos non levar teléfono móbil.**
En caso de levalo, deben entregarllo aos monitores antes de subir ao autobús. Só poderán facer uso del entre as 20:30 e 21:00h
- **Obrigatorio saco de durmir**
- **Material de aseo** (xel, peite, champú, 2 toallas, chancletas para a ducha, pasta de dentes e cepillo e muda de roupa)
- Unha **mochila** pequena para gardar unha botella de auga e outros obxectos persoais que precise levar (recomendamos que a mochila NON sexa de cordóns)
- **Calzado** pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades deportivas
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- **Botella de auga ou cantimplora**
- **Bañador e escarpíns** (se os teñen)
- **Gorriña** ou pucho para o sol e **crema solar**
- **Chuvasqueiro** por se chove
- Pixama, lanterna e **bolsa** para gardar roupa sucia
- Libro de lectura

Multideporte Encoro da Fervenza para nados/as en 2010 e 2011



Do 13 ao 17 de xullo

Con 4 noites de pernocta nas instalacións de Naturmaz, no concello de Mazaricos.

- **Luns:** saída ás 10:00 h desde o CEIP Valle Inclán, viaxe ao albergue do encoro da Fervenza, Surf na praia de Area Maior
- **Martes:** roteiro BTT, xogos acuáticos na piscina e roteiro ecuestre
- **Mércores:** paddle surf e vela
- **Xoves:** ruta de sendeirismo no monte Pindo e ruta en kaiak no Ézaro
- **Venres:** Actividade sorpresa e regreso aproximado ás 18:00 h ao CEIP Valle Inclán

En función da metereoloxía podería haber algún troco no programa de actividades.

Coa finalidade de ofrecer máis información sobre esta actividade realizaremos unha reunión informativa no auditorio da Fábrica. A data e hora da reunión será enviada ao correo electrónico facilitado na inscrición.

Descrición das actividades:

- **Surf:** Facilitaremos todo o material necesario para o uso individual: táboas de surf, traxes e lycras. Será necesario traer o seguinte material: traxe de baño, chancletas e toalla.
- **Roteiro BTT:** Pequena ruta en bicicleta de montaña por camiños e pistas da contorna.
- **Xogos acuáticos:** Xogos acuáticos de diferentes tipos, por equipos, como o water-polo, entre outros.
- **Roteiro ecuestre:** Iniciación á equitación mediante un paseo a cabalo en contorno natural, no que se aprenderán noções básicas de manexo, coidado do animal e seguridade.
- **Paddle surf:** Dotaremos dos coñecementos básicos do paddle surf: materiais a utilizar, carac-


terísticas e normas de seguridade. Inicio á navegación básica, tendo en conta vento e correntes.

- **Vela:** Actividade de iniciación á vela na que as/os participantes coñecerán o funcionamento básico dunha embarcación, aprendendo noções sinxelas de navegación e traballo en equipo na auga.
- **Ruta de sendeirismo:** Ruta de sendeirismo polo monte Pindo, descubrindo o entorno natural e fomentando o respecto polo medio ambiente a través dunha actividade guiada e adaptada ao grupo.
- **Ruta en kaiak:** Percorrido en kaiak polas augas do Ézaro, no que se traballará a coordinación e o manexo básico da embarcación.

Material recomendable:

- DNI da persoa participante
- **Recomendamos non levar teléfono móbil.**
En caso de levalo, deben entregarllo aos monitores antes de subir ao autobús. Só poderán facer uso del entre as 20:30 e 21:00h
- **Obrigatorio saco de durmir**
- **Material de aseo** (xel, peite, champú, 2 toallas, chancletas para a ducha, pasta de dentes e cepillo e muda de roupa)
- Unha **mochila** pequena para gardar unha botella de auga e outros obxectos persoais que precise levar (recomendamos que a mochila NON sexa de cordóns)
- **Calzado** pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades deportivas
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- **Botella de auga ou cantimplora**
- **Bañador e escarpíns** (se os teñen)
- **Gorriña** ou pucho para o sol e **crema solar**
- **Chuvaqueiro** por se chove
- Pixama e lanterna e **bolsa** para gardar roupa sucia
- Libro de lectura

Deporte e Natureza en Picos de Europa para nados/as en 2008* e 2009



Una nova experiencia deportiva e de aventura na contorna do parque nacional de Picos de Europa, en Asturias.

Do 27 ao 31 de xullo (25 prazas)

4 noites de pernocta na Casa da Montaña.

Avín. Concello de Cangas de Onís. Asturias.

- **Luns:** saída ás 10:00h desde o CEIP Valle Inclán, traxecto e recoñecemento das instalacións (Avín e Cangas de Onís), e roteiro de senderismo polos Lagos de Covadonga
- **Martes:** parque de aventura, Paddle surf e roteiro BTT
- **Mércores:** barranquismo no parque natural de Ponga e espeleoloxía na cova de Pando
- **Xoves:** Roteiro de sendeirismo no monumento natural de Cobijeru con visita degustación en queixería tradicional
- **Venres:** Descenso do Sella en canoa e regreso aproximado ás 20:00 h a Oleiros

En función da metereoloxía podería haber algún troco no programa de actividades.

*** Todos os participantes terán que ser menores de idade nas datas da actividade.**

Coa finalidade de ofrecer máis información sobre esta actividade realizaremos unha reunión informativa no auditorio da Fábrica. A data e hora da reunión será enviada ao correo electrónico facilitado na inscrición.

Descrición das actividades:

- **Ruta de sendeirismo:** Percorrido guiado polo entorno natural, adaptado ao grupo, no que se fomentará o respecto polo medio ambiente e a convivencia.
- **Descenso do Sella en canoa:** Descenso en canoa por río, aprendendo o manexo básico da embarcación e as normas de seguridade, nunha actividade lúdica e en contacto coa natureza.
- **Roteiro BTT:** Ruta en bicicleta de montaña por camiños e pistas da contorna.

- **Espeleoloxía:** Iniciación á exploración de covas, coñecendo técnicas básicas de progresión e seguridade nun entorno natural singular.
- **Xogos deportivos:** Actividades lúdico-deportivas en grupo que fomentan a participación, o compañeirismo e a diversión.
- **Barranquismo:** Descenso por canóns naturais combinando camiñadas, saltos e pequenas baixadas, sempre con material de seguridade e supervisión.
- **Parque de aventuras:** Circuitos con diferentes retos como tirolinas, pontes e xogos en altura, fomentando a superación persoal e a confianza.

Material recomendable:

- DNI da persoa participante
- **Recomendamos non levar teléfono móbil.**
En caso de levalo, deben entregarllo aos monitores antes de subir ao autobús. Só poderán facer uso del entre as 20:30 e 21:00h
- **Obrigatorio saco de durmir**
- **Material de aseo** (xel, peite, champú, 2 toallas, chancletas para a ducha, pasta de dentes e cepillo e muda de roupa)
- Unha **mochila** pequena para gardar unha botella de auga e outros obxectos persoais que precise levar (recomendamos que a mochila NON sexa de cordóns)
- **Calzado** pechado e cómodo para camiñar e facer as actividades deportivas
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- **Botella de auga ou cantimplora**
- **Bañador e escarpíns** (se os teñen)
- **Gorriña** ou pucho para o sol e **crema solar**
- **Chuvasqueiro** por se chove
- Pixama, lanterna e **bolsa** para gardar roupa sucia
- Libro de lectura

Curso de Iniciación ao Montañismo

para nados/as de 2008* a 2003

Una nova actividade para iniciarse ao coñecemento do montañismo estival e dirixido especialmente mocidade entre 18 e 23 anos.

Do 20 ao 23 de xullo (16 prazas)
Con 3 noites de pernocta en refuxio de montaña. A realizar na comarca de Ubiñas. Provincia de León.

* Todos os participantes terán que ser maiores de idade nas datas da actividade.

Obxectivos:

- Adquirir os coñecementos necesarios que permitan percorrer con seguridade e eficacia itinerarios de montaña en época estival.
- Adquirir os coñecementos necesarios para poñer en práctica as técnicas básicas de orientación en montaña.
- Coñecer o equipo e material básico para a práctica do montañismo en época estival e para afrontar un vivac.
- Adquirir coñecementos que permitan deseñar e planificar itinerarios.
- Aprender nocións básicas de meteoroloxía.
- Coñecer e interpretar o medio natural.

Contidos:

- Equipo e material
- Técnicas de orientación en montaña
- Preparación e deseño de rutas
- Técnicas de progresión en diferentes tipos de terreo
- Acampada e vivac
- Coñecemento e prevención de perigos
- Nocións de meteoroloxía
- Xestión do risco
- Sistemas de comunicación
- Medio ambiente
- Botiquín e planificación da actividade

Equipo necesario:

- Mochila cunha capacidade aproximada de 30 litros (recomendable con cinto lumbar)
- Mochila de travesía cunha capacidade aproximada de 40 litros
- Calzado de montaña (preferiblemente bota)
- Pantalóns de trekking ou semellante.
- Chaqueta impermeable con membrana tipo Gore-Tex ou semellante.
- Forro polar, Primaloft ou equivalente
- Camisola térmica.
- Gorro, buff, lentes de sol e luvas
- Protector solar e protector labial
- Bastóns telescópicos (opcional)
- Prismáticos (opcional)
- Lanterna frontal con pilas de reposto
- Botiquín persoal
- Bolsas de lixo
- Cantimplora cunha capacidade mínima de 1,5 litros
- Comida para as xornadas na montaña (froita, froitos secos, dátiles, chocolatinas, bocadillos, etc.)





Material necesario para o refuxio:

- Calzado de descanso para o refuxio
- Roupa de recambio (roupa interior, calcetíns, pantalóns, camisolas, etc.)
- Calzado para a ducha (chanclas)
- Saco de durmir
- Neceser, toalla para a hixiene persoal e papel hixiénico
- Víveres e utensilios para preparar o almorzo e a cea (cunca, cubertos, papel de cociña, fogón portátil, etc.)



Requisitos mínimos:

Non é necesario ter experiencia previa en montaña, mais recoméndase dispoñer dunha condición física mínima para afrontar os percorridos a pé coa respectiva da mochila.

Descrición básica da actividade:

A actividade estará dirixida por dúas persoas instructoras da Escola Galega de Alta Montaña, pertencente á Federación Galega de Montañismo.

O primeiro día adicarase basicamente a realizar o traslado en autobús ata o refuxio que a federación galega de montañismo ten no núcleo de Torrebarrio, na provincia de León. Ese punto fará de campamento base para realizar nos seguintes días as rutas de montaña na contorna do macizo das Ubiñas. Non obstante, unha das pernoctas realizarase no veciño refuxio do Meicín, xa na parte asturiana do macizo.

Polo xeral as rutas diarias terán unhas distancias entre os 8 e 12 km, onde se poden salvar desniveles positivos de entre 400 e 900m. Mesturaranse os contidos teóricos coas explicacións prácticas durante as rutas e haberá tanto xornadas de travesía como ascensións a algúns dos picos da zona.

Non obstante, coa finalidade de ofrecer máis información sobre esta actividade realizaremos unha reunión informativa no auditorio do centro municipal de A Fábrica. A data e hora da reunión será enviada ao correo electrónico facilitado na inscrición.



Minicampamentos



Descrición:

Cos Minicampamentos abrimos as portas do tempo libre no medio natural para os máis pequenos: picariños e picariñas de **3 a 6 anos**.

Son campamentos en versión “mini”, onde o que de verdade é grande é a diversión, as aventuras e as experiencias que axuden ao seu desenvolvemento san e á súa autonomía.

Este verán as actividades estarán relacionadas co **mundo dos insectos**.

Explorar e mergullarnos no seu mundo, permítenos ensinar aos máis pequenos a tratar aos seres mais indefensos con empatía e respecto. Aproveitamos o seu interese polo medio e realizaremos actividades lúdicas, sensoriais e motivadoras despertando a súa curiosidade e a aprendizaxe vivencial sobre os mundos máis pequenos en tamaño, case invisibles, pero inmensos en beleza. Ademais estimularemos habilidades de observación, expresión oral e traballo cooperativo, reforzando a súa conciencia ecolóxica. Pensamos que a educación ambiental para estas idades non só é posible, senón que é divertido e moi motivador cando se fai dunha forma creativa e accesible.

Ademais de educar na convivencia e no respecto aos demais, o xogo e a experimentación na natureza serán imprescindibles. Estas actividades educativas pretenden proporcionar-lles aos nenos e ás nenas diversión, aventuras e experiencias que favorezan a súa autonomía e a adquisición de hábitos saudables.

Temporalización:

As actividades terán lugar na Finca Tenreiro, San Pedro de Nos. <https://maps.app.goo.gl/1jJunpAeePDQF1Zx5>

- **Mini3: Xoaniñas voadoras** do 22 ao 24 de xullo (25 prazas).
- **Mini3: Abellas mais doces** do 10 ao 12 de agosto (25 prazas).
- **Mini5: Bolboretas das flores** do 27 ao 31 de xullo (25 prazas).
- **Mini5: Vacalouras das carballeiras** do 24 ao 28 de agosto (25 prazas).

Dous formatos distintos:

- **Mini 3:** Son tres días de actividade sen facer noite con horario de 10:00 h a 17:00 h.
- **Mini 5:** Neste caso o horario do campamento é de 10:00 h a 19:00 h, ata o 4º día no que desfrutaremos da oportunidade de quedarnos a durmir no albergue municipal da Finca Tenreiro. O último día, son recollidos polas familias ás 13:00 h.

! **Non dispoñemos de servizo de transporte ata o albergue municipal.**

Destinatarios/as

Nesta experiencia poderán participar os pequenos e pequenas nados entre o primeiro semestre do 2023 e o ano 2020, aínda que **recomendamos os Mini 3 para os nenos de 3 e 4 anos cumpridos a data da actividade**, e os **Mini 5 para os de 5 e 6 anos cumpridos a data da actividade**.

IMPORTANTE: Os e as menores que participen nos Mini 3 e Mini 5 deberán ser **autónomos/as, non usar cueiro polo día e ter o control dos esfínteres consolidado**.

Obxectivos:

- Aprender xogando.
- Fomentar a convivencia e o respecto mutuo, a través de actividades colectivas.
- Achegarse ao coñecemento do seu contorno máis próximo.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar en hábitos de alimentación saudable.

Campamentos



Descrición:

A evolución lóxica dos Minicampamentos que corresponde ao nivel de maduración dos/as cativos/as, son os campamentos e excursións curtas para nenos e nenas que teñan entre **7 e 11 anos**. Avanzamos na adquisición de hábitos saudables e na diversión colectiva. Os grandes xogos, a convivencia e as actividades relacionadas co xeito de vida da Galicia rural, favorecendo o seu coñecemento e conservación en permanente contacto coa natureza, serán o cerne dos “campas”.

Horario:

1º e 2º día: de 10:00 h a 19:00 h.

3º e 4º día: completos, facendo noite no albergue municipal.

5º día: recollidos polas familias ás 13:00 h.

! **Non dispoñemos de servizo de transporte ata o albergue municipal.**



Temporalización:

As actividades terán lugar na Finca Tenreiro, San Pedro de Nos.

<https://maps.app.goo.gl/1jJunpAeePDQF1Zx5>

- **Campamento “O Teixo”:** do 13 ao 17 de xullo (25 prazas)

- **Campamento “O Zigurat”:** do 3 ao 7 de agosto (25 prazas)

Destinatarios/as:

Nesta experiencia poderán participar os **nenos e nenas de 7 e 11 anos** nados/as entre o primeiro semestre 2019 e o 2015.



Obxectivos:

- Ofrecer alternativas divertidas e saudables ao tempo libre dos nenos e das nenas.
- Educar para a convivencia, a cooperación e o respecto cos/as compañeiros/as.
- Investigar sobre os valores naturais e histórico-artísticos do medio inmediato.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.



Excursións de verán



Descrición:

Despois de que os nenos e as nenas gozaran de actividades preto da súa contorna (Minicampamentos e campamentos), propoñemos a posibilidade de participar en dúas excursións a fermosos espazos naturais, para que coñezan lugares espectaculares e de grande interese ambiental onde vivir aventuras inesquecibles.

Así pois, aos nenos e ás nenas de **7 a 11 anos**, propoñémolles un destino clásico nas nosas programacións: as **Fragas do Eume**, un dos bosques atlánticos mellor conservados de toda Europa moi preto da nosa casa, e nun dos equipamentos máis interesantes de Galicia, o **albergue Alvarella**.

Para os mozos e mozas de **11 a 15 anos**, propoñemos a excursión **Mar de Lira-Carnota**, onde terán a oportunidade de achegarse á costa de Muros, Carnota, Lira...; como lugar máxico e de lendas..., e vilas mariñeiras onde o contacto coas súas xentes e paisaxes, sempre é lembrado cun sorriso. Unha forma diferente de gozar dun anaco de costa das máis fermosas do mundo...



Temporalización:

- **Excursión Mar de Lira (Carnota-Lira):**
do 6 ao 10 de xullo (25 prazas).
- **Excursión Fragas do Eume:**
do 19 ao 21 de agosto (40 prazas).

Destinatarios/as:

Para as **Fragas do Eume** unha excursión moi preto de nós, poden inscribirse os rapaces/as de **7 a 11 anos** que nacesen entre o primeiro semestre 2019 e o 2015. E para **Mar de Lira**, rapaces e rapazas de **11 a 15 anos** que nacesen entre 2011 e o primeiro semestre do 2015.

Obxectivos:

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, xeográfico e cultural das comarcas visitadas.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo.
- Ofrecer novos xeitos de aprender en contacto directo co medio.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.
- Educar na consecución de hábitos alimenticios saudables.



Hortas no verán



Descrición:

Despois de case dúas décadas desenvolvendo o programa de Hortas Escolares, estamos convencidos todos os axentes educadores que participamos nel, que a horta constitúe un gran xacemento de recursos educativos. O seu potencial vén dado pola riqueza de temáticas que se poden tratar na súa realización, con multitude de experiencias e vivencias, contidos pedagóxicos (conceptos, procedementos, actitudes, valores) e a forza de conexión co medio natural e social do medio máis próximo.

Non se trata dunha parcela na que cultivamos tomates ou leitugas, senón que debemos entendelo como un espazo no que imos tratar unha serie de contidos encamiñados a desenvolver as capacidades dos nenos e das nenas.

Por outra banda, o gran número de recursos didácticos que suxire o traballo ao aire libre, ver como medran as plantas grazas ao noso traballo... son razóns suficientes para realizar esta actividade que constitúe un recurso educativo moi interesante. Ademais este ano faremos unha vista ao mercado de Perillo para aprender algo máis da horta e a alimentación saudable.

Temporalización e horario:

◆ **Primeira quenda: do 29 de xuño ao 10 de xullo, de luns a venres** (15 prazas).

◆ **Segunda quenda: do 3 ao 14 de agosto, de luns a venres** (15 prazas).

Horario: 12 a 13 h

Destinatarios/as

Nenos e nenas de 3 a 8 anos, nadas entre o primeiro semestre do 2023 e o ano 2018.

IMPORTANTE: Os e as menores que participen nas hortas de verán deberán ser **autónomos/as, e ter control de esfínteres.**

Obxectivos:

- Desenvolver capacidades de exploración e investigación na horta.
- Familiarizarse co mundo das verduras, hortalizas, legumes..., estimulando un achegamento afectivo e positivo.
- Estimular a iniciativa e a autonomía dos/as picariños/as nas tarefas da hortiña.
- Coñecer o proceso de sementeira, plantación e cuidados posteriores, básicos na horta.
- Estimular a afectividade cara ao consumo dos produtos comestibles que nos proporciona a horta.



REUNIÓN INFORMATIVAS



Reunión informativa para Minis, Campas e Excursións de Verán 2026 do Servizo Municipal de Educación para as familias.

Coa intención de facilitar ás familias que participan por primeira vez calquera información relativa ás actividades anteriormente descritas sobre: desenvolvemento, programación, material, horarios, educadores/as, seguros, transporte, alimentación, actividades..., está programada a seguinte reunión no **Auditorio do Centro Cultural A Fábrica en Sta. Cristina**

CANDO? ▼

- **Mini 3 e Mini 5:** mércores 17 de xuño ás 20:15 h.
- **Campamentos O Teixo e O Zigurat:** mércores 17 de xuño ás 21:00 h
- **Excursión Fragas do Eume:** xoves 18 xuño ás 20:15
- **Excursión Mar de Lira:** xoves 18 xuño ás 21:00 h

Se algunha familia precisase información puntual sobre Hortas de Verán poden solicitala no correo ensino@oleiros.org

Aulas de verán CEMAE

DANZA clásica



Descrición:

As Aulas de Verán constitúen un proxecto educativo que pretende abrir e dar a coñecer a Escola Municipal de Danza, ofertando obradoiros de danza, dramatización, expresión corporal e outras manifestacións artísticas a través da actividade lúdica, promocionando as artes escénicas como unha actividade máis dentro do tempo de lecer da infancia e da xuventude.

Obxectivos:

- Concienciar as persoas participantes do papel da danza como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais das persoas participantes por medio de actividades como a danza, a dramatización, a expresión corporal e a plástica.
- Enriquecer a nosa linguaxe corporal.
- Desenvolver a creatividade e fomentar o coñecemento e apreciación da danza iniciando os rapaces e rapazas desde os primeiros anos na súa aprendizaxe.

Destinatarios/as:

Alumnado de iniciación con ou sen experiencia previa, e de formación media e avanzada en danza clásica.

Lugar e actividades:

Todas as actividades serán planificadas e desenvolvidas por profesorado especializado e supervisadas pola Dirección da EMDO. Realízanse, na súa totalidade, nas instalacións do Centro Municipal de Artes Escénicas de Oleiros.

A distribución das actividades e a carga horaria variarán en función do nivel formativo do alumnado:

De maneira xeral, as actividades desenvolvidas por cada un dos grupos serán as seguintes:

● **Grupo nivel intermedio en danza clásica:** está dirixido a alumnos e alumnas de 5º, 6º e 7º (nacidos/as no ano 2013, 2012 e 2011) ou de 4º elemental e 1º profesional de danza clásica ou con algo de experiencia previa.

- 10.00 - 11.45: Lyrical jazz/Danza contemporánea.
- 12.00 - 13.15: Danza clásica/Flexibilidade
- 13.15 - 14.00: Técnica puntas

● **Grupo nivel avanzado en danza clásica:** está dirixido a alumnos e alumnas de danza clásica de nivel avanzado.

- 10.00 - 11.30: Danza clásica
- 11.30 - 12.15: Puntas/Flexibilidade
- 12.30 - 14.00: Lyrical Jazz/ Danza contemporánea.



Temporalización:

- **Quenda I:** do luns 29 de xuño ao venres 3 de xullo
- **Quenda II:** do luns 6 ao venres 10 de xullo

Prazas: As aulas de verán están deseñadas para **20 participantes máximo/grupo.**

Aulas de verán CEMAE

DANZAS urbanas



Descrición:

Aulas de Verán de danzas urbanas é un proxecto co que pretendemos promover a actividade lúdica cunha orientación educativa, a través da danza e outras manifestacións artísticas.

Nace co obxectivo de continuar co traballo desenvolvido, ao longo do curso, na Escola Municipal de Danza e promocionar a danza moderna, como un elemento máis dentro do tempo de lecer dos mozos do noso concello.

Decantámonos por unha educación baseada nunha relación de igualdade, cooperación entre os/as participantes e a aprendizaxe de valores, habilidades, actitudes, conceptos...

Obxectivos:

- Coñecer e experimentar os distintos estilos as súas diferentes modalidades e historia.
- Concienciar as persoas participantes do papel da danza como un elemento máis do noso tempo de lecer.
- Desenvolver as habilidades sociais dos/as participantes.
- Enriquecer a nosa linguaxe corporal.
- Desenvolver a creatividade e fomentar o coñecemento e apreciación da danza.

Contidos:

Darase a coñecer e desenvolveranse distintos estilos do hip hop, popping e locking, breaking, jazz funk, house dance,... Desenvolvendo as técnicas básicas de cada modalidade e coñecendo algo da súa historia.

Lugar e actividades:

Todas as actividades serán planificadas e desenvolvidas por profesorado especializado e supervisadas pola Dirección da EMDO. Realízanse, na súa totalidade, nas instalacións do Centro Municipal de Artes Escénicas de Oleiros.

De maneira xeral, as actividades desenvolvidas por cada un dos grupos serán as seguintes:

- **Grupo Iniciación:** Waacking, Jazz Funk, Hip Hop
- **Grupo Intermedio:** Waacking, Hip Hop New School, Hip Hop Old School, Jazz Funk
- **Grupo Avanzado:** Waacking, Hip Hop Contemporáneo, Jazz Funk

Os **grupos de iniciación** están dirixidos a grupos sen experiencia previa ou grupos de iniciación. Os **grupos intermedio e avanzado** están dirixidos a alumnos e alumnas con experiencia previa e certo nivel.



Aulas de verán CEMAE

DANZAS urbanas



Temporalización:

- **Quenda I:** do luns 29 de xuño ao venres 3 de xullo
- **Quenda II:** do luns 6 ao venres 10 de xullo

Horarios:

- **Iniciación:** de 10.00 a 11.30h. Dirixido a nenos e nenas de entre 9 e 11 anos (nacidos/as no ano 2017, 2016 e 2015) con o sen experiencia previa.
- **Intermedio:** de 10.30 a 12.00h. Dirixido a nenos e nenas de entre 12 e 14 anos (nacidos/as no ano 2014, 2013 e 2012) con experiencia previa.
- **Avanzado:** de 12.00 a 14.00h. Dirixido a nenos e nenas a partir dos 15 anos (nacidos/as a partir do 2011) con experiencia previa.

Prazas: As aulas de verán están deseñadas para **20 participantes máximo/grupo**.



*O alumnado maior de 11 anos sen experiencia previa deberá realizar unha proba para que o profesorado indique que grupo lle corresponde conforme ao nivel demostrado.



Aulas de verán CEMAE - DATAS DE INSCRIPCIÓN

DATAS	TRÁMITE
Do 6 ao 12 de maio	Preinscripción telemática a través da web municipal: www.oleiros.org - Temas - Educación - Aulas de Verán CEMAE: Danza e Teatro.

Para máis información dirixirse a:

Centro Municipal de Artes Escénicas

Avda/ Valle-Inclán, 24. Perillo. Oleiros
cemaoleiros@outlook.es
Telf.: 981 639 688



CASAS da MOCIDADE



Información sobre actividades de verán da área de XUVENTUDE

As Casas da Mocidade de Oleiros, sitas:

CASA PORTABERTA, na rúa Daniel Castelao, núm. 5 (Santa Cruz) e **CASA AS PEDRAS**, na Avda. Rosalía de Castro, núm. 114 (Perillo), ofertarán actividades ao longo de todo o verán dirixidas aos **mozos e mozas de entre 12 e 30 anos** (ambos inclusive).

Para obter máis información poden acudir a: ▼

- **Instagram:** @centrosmocidadeoleiros
- **Web:** <https://centrosmocidadeoleiros.wordpress.com>
- **Correo electrónico:** pix.portaberta@gmail.com / pix.aspedras@gmail.com
- **Teléfonos:** 981 614 083 (Portaberta, Santa Cruz) • 981 977 944 (As Pedras, Perillo)

Obradoiros de Artes Plásticas



Descrición:

Un obradoiro de artes plásticas no que o papel, as pinturas e o barro, entre outros materiais, convértese en elementos que axudan a espertar a sensibilidade artística nos máis pequenos/as ao tempo que pasan un tempo agradable con outros nenos e nenas da súa idade. Unha oportunidade de aproveitamento de forma lúdica e creativa do tempo de lecer.

Temporalización:

Mes de xullo:

• Do 1 ao 14:

quenda I: de 10.00 a 11.45 h

10 sesións

quenda II: de 12.15 a 14.00 h

10 sesións

• Do 20 ao 31

quenda III: de 10.00 a 11.45 h

10 sesións

quenda IV: de 12.15 a 14.00 h

10 sesións

Mes de agosto:

• Do 3 ao 14:

quenda V: de 10.00 a 11.45 h

10 sesións

quenda VI: de 12.15 a 14.00 h

10 sesións



Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos **2014 e 2019. 15 participantes por cada quenda.**



Obxectivos:

■ Achegar os nenos e nenas a diversos materiais para que a través deles se expresen e ao mesmo tempo aprendan algunhas técnicas básicas para o seu manexo son algúns dos obxectivos deste obradoiro de verán. Xogar cos volumes, as proporcións, a textura e as cores dos distintos materiais utilizados e agudizar as percepcións son outros dos obxectivos perseguidos.

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Obradoiro de Teatro Infantil



Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación ao xogo teatral no que os nenos e nenas tomarán contacto co xogo físico teatral, cos xogos de relación e a creación de personaxes, o coñecemento do espazo escénico e os diferentes estilos teatrais de actuación.

Temporalización:

1ª quenda: do 1 ao 14 de xullo
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)

2ª quenda: do 3 ao 14 de agosto
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos **2014 e 2019. 15 prazas por cada quenda.**

Obxectivos:

■ Mediante a realización de xogos e actividades, preténdese desenvolver a expresión corporal e verbal, estimular a creatividade e a imaxinación e aprender a colaborar co grupo nun ambiente lúdico e distendido de ocio creativo, mellorando a autoestima, a confianza e a socialización.

Lugar de realización:

Teatro As Torres, en Santa Cruz



Obradoiro de Olería Infantil



Descrición:

Obradoiro infantil de iniciación nas técnicas básicas da olería artesanal



Destinatarios/as

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados/as entre **2014 e 2019**. **15 prazas** en cada quenda.



Obxectivos:

■ O obxectivo principal é o achegamento lúdico á olería artesanal mediante diferentes técnicas tradicionais co fin de compoñer cada un as súas propias pezas. Búscase fomentar a creatividade infantil a través dun oficio tradicional como o da olería para pór en valor a artesanía feita a man.

Os nenos e nenas participantes iniciaranse no torno de olería co fin de aprender a dar forma ás pezas a través deste. Ademais, tamén se aprenderá a dar forma a pezas mediante outras técnicas como son churros ou pranchas de barro. Xunto con iso, tamén se amosarán técnicas de amasado, modelado, decoración ou esmaltado, entre outras.

Lugar de realización:

Alfar das Torres, en Santa Cruz

Temporalización:

1ª quenda: do 1 ao 14 de xullo
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)

2ª quenda: do 3 ao 14 de agosto
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)



Obradoiro de Ilustración e cómic infantil



Descrición:

A ilustración e o cómic constitúen dous elementos fundamentais na formación artística e expresiva dos máis pequenos, aínda máis cando o sistema educativo amosa lagoas importantes neste eido.

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

Do 1 ao 14 de xullo
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2014 e 2019. 15 prazas

Obxectivos:

- O enfoque desta experiencia radica no/a neno/a: deseñamos personaxes para reflexionar sobre o aspecto e a psicoloxía das persoas, mergullámonos no debuxo de personaxes para coñecernos mellor, realizamos collaxe e murais grupais para practicar o traballo cooperativo, ou aprendemos noções sobre cómic para abrir o noso espectro de lectores e creadores/as.



Obradoiro de pintura infantil



Descrición:

Obradoiro de iniciación e progresión na pintura, dirixido a que o alumnado infantil adquiera os coñecementos e capacidades básicas para poder realizar unha obra pictórica. Buscarase introducir o contido teórico a medida que se desenvolven as actividades prácticas dun xeito lúdico e estimulante.

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

Do **20 ao 31 de xullo**
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados/as entre os anos **2014 e 2019. 15 prazas**

Obxectivos:

- Algúns dos obxectivos que se formulan sería coñecer os diferentes materiais cos que se pode traballar a pintura ou saber utilizar correctamente os recursos materiais, ferramentas e produtos, así como a forma adecuada de mantelos ou refugalos.



Obradoiro de gravado infantil



Descrición:

Obradoiro de iniciación nas técnicas gráficas como produción de imaxes multiplicables por métodos tradicionais, a partir de matri- ces e da súa estampaxe.

Refírese á elaboración de todo tipo de ele- mentos visuais, desde técnicas de debuxo e gravado ata técnicas relacionadas coa impresión.

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

Do 3 ao 14 de agosto
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2014 e 2019. 15 prazas

Obxectivos:

- Coñecer diferentes procedementos e recursos básicos de gravado e estampaxe, as diferentes técnicas e modalidades, así coma recursos e materiais a empregar.
- Desenvolver a creatividade e capacidade de experimentación.
- Fomentar os intereses artísticos e desen- volver as propias linguaxes e obras gráficas.



Obradoiro de graffiti e pintura mural infantil



Descrición:

O graffiti como método de diversión e expresión.

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)



Temporalización:

Do 17 ao 28 de agosto
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2014 e 2017. **15 prazas**

Obxectivos:

■ A idea deste obradoiro é dar a coñecer ao alumnado a arte urbana.

Un taller cheo de cor, onde imos aprender en grupo as diferentes técnicas do graffiti.

Traballaremos sobre a firma e identidade e sobre distintas ideas para logo plasmalas en grandes dimensións, como tratar o muro e a súa preparación para o graffiti final, e coñecer técnicas como o stensil ou o spray, ferramentas básicas para levar a cabo estas obras.

Utilizamos materiais que estean adaptados ás súas necesidades.



Obradoiro de Teatro xuvenil



Descrición:

Obradoiro dirixido a rapaces e rapazas que se inician no teatro ou que xa teñen certa experiencia e no que se inclúe xogo físico teatral, xogos de relación e a creación de personaxes, coñecemento do espazo escénico e diferentes estilos teatrais de actuación.

Lugar de realización:

Teatro As Torres, en Santa Cruz

Temporalización:

1ª quenda: do 1 ao 14 de xullo
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)

2ª quenda: do 3 ao 14 de agosto
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2008 e 2013. **15 prazas por cada quenda.**

Obxectivos:

■ Utilizando distintas técnicas teatrais, buscarase que o alumnado descubra o maior número posible de ferramentas que comprende o traballo teatral. Para acadar este obxectivo, traballarase a expresión corporal e oral, a colocación no escenario, a manifestación de sentimentos, a improvisación e moitas outras técnicas. Tamén se procurará que o alumnado se acostume a traballar en equipo, aceptando as ideas alleas e aprendendo a expoñer e defender as propias para poder chegar a un consenso e así crear distintas escenas de forma colectiva. O obxectivo final é que o alumnado estimule a creatividade, mellore a autoestima e a confianza e adquiera certas habilidades necesarias para poder representar unha pequena improvisación.



Obradoiro de Olería xuvenil



Descrición:

Obradoiro xuvenil de iniciación nas técnicas básicas da olería artesanal e traballo con torno.



Lugar de realización:

Alfar das Torres, en Santa Cruz

Temporalización:

1ª quenda: do 1 ao 14 de xullo
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)

2ª quenda: do 3 ao 14 de agosto
de 10.30 a 12.00 horas (10 sesións)



Destinatarios/as

Rapaces e rapaces nados entre os anos 2008 e 2013. **15 prazas** por cada quenda.

Obxectivos:

■ O obxectivo principal é o achegamento lúdico á olería artesanal mediante diferentes técnicas tradicionais co fin de compoñer cada un as súas propias pezas. Búscase fomentar a creatividade xuvenil, a través dun oficio tradicional como o da olería para pór en valor a artesanía feita a man. A xuventude participante iniciárase no torno de olería co fin de aprender a dar forma ás pezas a través deste. Ademais, tamén se aprenderán a dar forma a pezas mediante outras técnicas como son churros ou pranchas de barro. Xunto con iso, tamén se amosarán técnicas de amasado, modelado, decoración ou esmaltado, entre outras.



Obradoiro de Ilustración e cómic xuvenil



Descrición:

A ilustración e o cómic constitúen dous elementos fundamentais na formación artística e expresiva das persoas. .

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

Do 1 ao 14 de xullo
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)



Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2008 e 2013. **15 prazas por cada quenda.**



Obxectivos:

- Coñecer as orixes da banda deseñada e os seus códigos e particularidades.
- Aprender diferentes técnicas de ilustración, cómic e banda deseñada.
- Fomentar a creatividade e a imaxinación.
- Promocionar a lectura de cómic e obras de banda deseñada.

Obradoiro de pintura xuvenil



Descrición:

Obradoiro de iniciación e progresión na pintura, dirixido a que o alumnado adquira os coñecementos e capacidades básicas para poder realizar unha obra pictórica.

Cunha atención personalizada a cada alumna ou alumno, traballaranse as diferentes modalidades do coñecemento pictórico a través dos procesos prácticos, presentando os coñecementos básicos en torno a teorías, métodos, instrumentos e procesos técnicos que interveñen no exercicio da pintura.

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

Do **20 ao 31 de xullo**
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos **2008 e 2013. 15 prazos por cada quenda.**

Obxectivos:

- Coñecer os diferentes materiais cos que se pode traballar a pintura ou saber utilizar correctamente os recursos materiais, ferramentas e produtos.

Desenvolver capacidades e coñecementos básicos na pintura e na súa teoría e adquirir competencias prácticas e teóricas básicas sobre a cor e o seu comportamento.



Obradoiro de gravado xuvenil



Descrición:

Obradoiro de técnicas gráficas como produción de imaxes multiplicables por métodos tradicionais, a partir de matrices e da súa estampaxe.

Refírese á elaboración de todo tipo de elementos visuais, desde técnicas de debuxo e gravado ata técnicas relacionadas coa impresión.

Podemos definir as artes gráficas como un proceso artístico de creación e elaboración dun determinado deseño, utilizando un medio polo cal a imaxe transfírese a un substrato, creando así unha expresión artística.



Obxectivos:

- Achegar á historia e aos conceptos propios da obra gráfica.
- Coñecer os diferentes procedementos e recursos básicos de gravado e estampaxe, as diferentes técnicas e modalidades, así coma recursos e materiais a empregar.
- Desenvolver a creatividade e capacidade de experimentación.
- Fomentar os intereses artísticos e desenvolver as propias linguaxes e obras gráficas.

Temporalización:

Do 3 ao 14 de agosto
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2008 e 2013. **15 prazas**

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)



Obradoiro de graffiti e pintura mural xuvenil



Descrición:

O graffiti como método de diversión e expresión.

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas nados entre os anos 2008 e 2013. 15 prazas

Lugar de realización:

Escola O Castaño (Perillo)

Temporalización:

Do 17 ao 28 de agosto
de 12.00 a 13.30 horas (10 sesións)

Obxectivos:

■ A idea deste obradoiro é dar a coñecer aos alumnos/as as diferentes técnicas do graffiti, a arte urbana.

Tamén investigarán sobre a súa firma e identidade e aprenderán a traballar as ideas para logo plasmalas en grandes dimensións, a tratar o muro e a súa preparación para o graffiti final. Técnicas como o stencil, spray, ferramentas básicas para levar a cabo estas obras, desenvolverán as súas habilidades en canto ao trazo, o recheo e o esfumado.



NORMATIVA REGULADORA da INSCRICIÓN e ADXUDICACIÓN de PRAZAS no PROGRAMA de ACTIVIDADES de VERÁN 2026

O programa de verán comprende un conxunto de actividades organizadas polos servizos de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude para o tempo de lecer.

O procedemento de preinscrición, adxudicación de prazas, pagamento e inscrición rexeráse polas normas que se detallan a continuación.

Toda a información relativa a este proceso publicarase na páxina web municipal <https://www.oleiros.org/>

■ I Requisitos das persoas participantes

En cada actividade definiranse os rangos de idade correspondentes, e só poderán ser admitidas as persoas que se atopen dentro deles.

En certas actividades, polo seu contido, poderanse establecer requisitos especiais de obrigado cumprimento (por exemplo, saber nadar).

■ II Preinscrición

O procedemento de solicitude iniciarase mediante unha preinscrición, que deberá realizarse de acordo coas seguintes condicións:

a) A preinscrición realizarase obrigatoriamente a través da Sede Electrónica municipal (<https://sede.oleiros.org/>), mediante o trámite “**Actividades de verán 2026**”, incluído no catálogo de trámites, sen que sexa sendo necesario estar rexistrado/a na sede. **No caso de que algunha persoa non poida realizala por medios telemáticos, poderá facelo na conserxería da Fábrica en horario de mañá (de 8:30 a 14:00 horas).**

b) Deberán cubrirse todos os datos da folla de preinscrición.

c) Admitirase unha única solicitude por participante **(a nome e cos datos do neno ou nena interesado/a)**, na que poderán seleccionarse ata un máximo de tres actividades, indicando a orde de preferencia. A orde de preferencia virá determinada pola orde de selección no formulario electrónico, considerándose

como primeira opción a actividade seleccionada en primeiro lugar. No suposto de que se presenten varias solicitudes coa mesma identidade, considerárase válida a última presentada.

d) As persoas que se preinscriban deberán gardar o xustificante co número de referencia para poder localizar a súa solicitude en calquera momento..

e) Na fase de preinscrición só se admitirán solicitudes presentadas por persoas empadroadas e por persoas menores de idade que, aínda non figurando como tales no padrón municipal, se atopen nas seguintes situacións, que deberán ser debidamente acreditadas:

- Os/as menores que vivan en réxime de acollida no *Lar A Mercé*.
- Os/as menores que se atopen en situación de acollemento familiar en familias empadroadas en Oleiros.
- Os/as menores non empadroados cando un dos proxenitores si o estea.

Estas circunstancias deben ser comunicadas mediante correo electrónico enviado a afabrica@oleiros.org **durante o período de preinscrición.**

f) As listaxes de todas as persoas preinscritis publicaranse na web municipal. En caso de advertir erros ou omisións, as persoas interesadas poderán comunicalos mediante correo electrónico enviado a afabrica@oleiros.org, ou ben telefonicamente no número **981 636 598** dentro do prazo que se sinala no anuncio.

g) Nas listaxes publicadas cada solicitude levará asignado un número específico para os efectos do sorteo.

■ III Adxudicación de prazas

a) No caso de que o número de solicitantes dunha actividade sexa inferior ao de prazas ofertadas, a adxudicación será directa e definitiva.

NORMATIVA REGULADORA da INSCRICIÓN e ADXUDICACIÓN de PRAZAS no PROGRAMA de ACTIVIDADES de VERÁN 2026

b) Se houber máis solicitantes que prazas, resolveuse mediante un sorteo público que se realizará no auditorio da Fábrica (rúa do Inglés 13, Perillo), na data que se sinala no anuncio. Neste sorteo inicial só entrarán as persoas empadroadas en Oleiros e as sinaladas no parágrafo **II.e)**

c) Cando unha persoa resulte admitida nunha actividade e teña irmáns ou irmás solicitantes de praza na mesma actividade, e coa mesma orde de prioridade, estes últimos incorporaranse á lista de admitidos/as, sempre que o permitan as características propias de cada actividade.

d) O sorteo efectuarase en función do número asignado a cada solicitude, determinando como admitidas as persoas que teñan o número que saia no sorteo e os sucesivos, ata completar o número de prazas da actividade.

e) As listas de persoas admitidas publicaranse na páxina web municipal e expoñeranse no taboleiro da Fábrica. As solicitudes inicialmente sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda, para o caso de renuncias ou vacantes posteriores.

■ IV Pagamento e formalización da inscrición

a) No caso de estar admitido/a nunha actividade e non ter interese en formalizar a inscrición deberase comunicar á maior brevidade posible por correo electrónico a afabrica@oleiros.org.

b) Para confirmar a praza será necesario realizar o pagamento da actividade, de acordo coas instrucións que serán remitidas ás persoas admitidas mediante correo electrónico, no que se indicará o prazo establecido para o pago.

c) As bonificacións aprobadas para os prezos destas actividades son as seguintes:

-95% do prezo para aquelas persoas que polas súas características sociais e económicas non poden acceder en igualdade de condicións, acreditándose esta situación mediante o informe ao que se refire o artigo

35 do Regulamento de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros, que será emitido ao efecto polo Departamento de Servizos Sociais.

-10 % do prezo para familias numerosas de categoría especial.

-5 % do prezo para familias numerosas de categoría xeral.

Quen pretenda acollerse a algunha bonificación deberá acreditar o seu dereito mediante a achega dos documentos pertinentes no intre do pagamento, mediante o seu envío por correo electrónico a afabrica@oleiros.org, ou ben incorporándoos no propio acto do pagamento (cando se pague a través da pasarela bancaria).

d) Xunto co pagamento tamén deberá achegarse debidamente cuberto o formulario de inscrición na actividade, que se porá a disposición das persoas admitidas no correo electrónico de notificación da admisión.

e) En caso de non presentar a documentación requirida en prazo, considerarase desistida da súa solicitude.

■ V Prazas vacantes

a) Unha vez rematado o prazo de pagamento e inscrición, no caso de resultar prazas vacantes, efectuarase un único chamamento ás persoas que se atopen en lista de agarda, ata cubrir o número de prazas vacantes, que lles será comunicado mediante correo electrónico, concedéndolles un novo prazo de pagamento, debendo realizarse o mesmo inexcusablemente no prazo que se indique neste correo.

b) Finalizado o dito proceso, no caso de quedar algunha praza vacante nalgunha das actividades, iniciarase un prazo de inscrición libre para persoas empadroadas e non empadroadas. Estas prazas adxudicaranse por orde de entrada da solicitude, **tendo preferencia en todo caso as persoas empadroadas.**

c) O Concello de Oleiros poderá anular actividades nas que non se acadase un número suficiente de persoas participantes, ou en calquera momento en función das circunstancias excepcionais ou recomendacións sanitarias.

NORMATIVA REGULADORA da INSCRICIÓN e ADXUDICACIÓN de PRAZAS no PROGRAMA de ACTIVIDADES de VERÁN 2026

■ VI Protección de datos

O responsable do tratamento é o Concello de Oleiros, que tratará os datos coa finalidade de xestionar o proceso de preinscrición e posterior elección de participantes na actividade. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Non haberá cesións nin transferencia internacional de datos. O Concello non se fará responsable dos datos que voluntariamente transmitan as persoas participantes aos demais participantes. A información detallada consta na páxina web municipal, no apartado **Política de protección de datos**.

■ VII Calendario de inscrición 2026

As datas estimadas para o proceso de preinscrición e adxudicación de prazas serán as seguintes:

DATAS	TRÁMITE
• Do 6 ao 12 de maio	Preinscrición, só para persoas empadroadas
• Do 14 ao 18 de maio	Publicación de lista de persoas preinscritis e presentación de reclamacións
• 19 de maio	Sorteo público ás 14:00 horas no CC A Fábrica
• 20 de maio	Publicación na páxina web municipal das listas de solicitudes admitidas
• Do 25 ao 29 de maio	Pagamento
• Do 4 ao 8 de xuño	Xestión de listas de agarda, pagamento e achega de documentación
• Do 12 ao 16 de xuño	Publicación de vacantes e inscrición libre para persoas empadroadas e non empadroadas


! Estas datas teñen carácter estimativo, podendo o Concello modificar este calendario, informando en todo caso a través da páxina web municipal.

TÁBOA de PREZOS das DISTINTAS ACTIVIDADES

Actividades de DEPORTES	Prezo
Kaiak <i>(Prezo por quenda)</i>	19,00 €
Surf <i>(Prezo por quenda)</i>	30,00 €
Multideporte Oleiros <i>(Prezo por quenda)</i>	56,00 €
Multideporte Encoro da Fervenza <i>(Prezo por quenda)</i>	165,00 €
Deporte e Natureza en Picos de Europa	165,00 €
Curso de iniciación ao Montañismo	78,00 €

Actividades de ENSINO	Prezo	
Minicampamentos 3 días <i>(Prezo por quenda)</i>	42,00 €	
Minicampamentos 5 días <i>(Prezo por quenda)</i>	73,00 €	
Campamentos <i>(Prezo por quenda)</i>	85,00 €	
Hortas no verán <i>(Prezo por quenda)</i>	9,00 €	
Excursión Mar de Lira	172,00 €	
Excursión Fragas do Eume	104,00 €	
Aulas de Verán CMAE	Danza clásica medio <i>(Prezo por quenda)</i>	22,00 €
	Danza clásica avanzado <i>(Prezo por quenda)</i>	22,00 €
	Danzas urbanas iniciación <i>(Prezo por quenda)</i>	7,00 €
	Danzas urbanas medio <i>(Prezo por quenda)</i>	11,00 €
	Danzas urbanas avanzado <i>(Prezo por quenda)</i>	11,00 €

Actividades de CULTURA	Prezo
Escola de Artes Plásticas <i>(Prezo por quenda)</i>	38,00 €
Obradoiros de Teatro infantil e xuvenil <i>(Prezo por quenda)</i>	22,00 €
Obradoiros de Olería infantil e xuvenil <i>(Prezo por quenda)</i>	23,00 €
Obradoiros de Ilustración e Cómic infantil e xuvenil <i>(Prezo por quenda)</i>	43,00 €
Obradoiros de Pintura infantil e xuvenil <i>(Prezo por quenda)</i>	43,00 €
Obradoiro de Gravado infantil e xuvenil <i>(Prezo por quenda)</i>	43,00 €
Obradoiro de Graffiti infantil e xuvenil <i>(Prezo por quenda)</i>	43,00 €



Todas as actividades,
organizámolas para ti desde o:

■ **Servizo Municipal de Educación**
ensino@oleiros.org • Tel.: 981 636 598

■ **Servizo Municipal de Deportes**
deportes@oleiros.org • Tel.: 981 636 598

■ **Departamento de Cultura**
cultura@oleiros.org • Tel.: 981 636 598

■ **Centro de Información Xuvenil**
xuventude@oleiros.org
Tel.: 981 636 598

Concello de  Oleiros

www.oleiros.org